



CONCELLARÍA DE IGUALDADE



Centro Interdisciplinario de Investigacións
Feministas e de Estudos do Xénero
Facultade de Ciencias da Educación, Campus sur.
Ext.: 13809 / 13810
Mail: cifex@usc.es

INFORME

***“ANÁLISE SOCIOLÓXICA-SOCIAL DO PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”***

***CENTRO INTERDISCIPLINARIO DE INVESTIGACIÓN FEMINISTAS E DE
ESTUDOS DO XÉNERO-CIFEX (USC)***

ANO 2008

ACCIÓN SUBVENCIONADA POLA



I.- XUSTIFICACIÓN

A elaboración dun Plan de Igualdade entronca co propósito constitucional, concretamente co artigo 9 do Título Preliminar da Constitución Española, onde se di textualmente:

1. *“Os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á constitución e ao resto do ordenamento xurídico”.*
2. *“Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.*
3. *“A Constitución garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdicción da arbitrariedade dos poderes público.”*

Ademais o artigo 14 (Capítulo II. Dereitos e Libedades) refire de modo específico:

“Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Agora ben, dende un punto de vista máis actual, habemos de sinalar como outra base a lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Neste sentido a elaboración dun plan de igualdade enmárcase nos mandamentos constitucionais e legislativos do Estado.

Un plan de Igualdade, non obstante, incide moi particularmente nunha visión de futuro en tanto que pretenda ter un impacto a nivel práctico nunha mellora da situación social das mulleres, pero tamén dos varóns. No noso caso referímonos ao Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela, que require como primeiro paso unha análise sociolóxica exhaustiva da situación e das condicións sociais existentes que atinxen á vida das mulleres e varóns nos distintos ámbitos que conforman a realidade social do Concello de Santiago de Compostela. Partindo do presuposto confirmado a través de múltiples datos e experiencias dunha aínda existente constelación vertical nas relacións interxénero, é dicir, dunha situación evidente de desigualdade das mulleres en moitos ámbitos, este Plan de Igualdade, así como a análise sociolóxica previa que persegue o obxectivo de achegar os datos necesarios para asentir as bases para a elaboración do devandito plan, centraráse de modo especial no colectivo das mulleres.

II.- OBXECTIVOS

Nesta primeira fase do proxecto de investigación referente ao Plan de Igualdade trátase de acometer unha aclaración minuciosa das condicións socioestructurais do Concello de Santiago de Compostela de cara ás dimensións e aspectos que inciden no plano práctico nas relacións interxénero e na situación social das mulleres. Este propósito ten como fin poder plasmar as accións políticas pertinentes para erradicar as desigualdades aínda existentes. En definitiva, anhelase a preceptiva análise (“externa”) da situación do Concello dende unha perspectiva de xénero e das mulleres, tendo en conta a transversalidade das distintas áreas de políticas de igualdade que han considerar detrás dunha maior igualdade das mulleres.

De modo concreto preténdese coñecer a situación real das mulleres que viven no Concello de Santiago, en xeral, e dos distintos colectivos de mulleres, en particular; isto é, a situación económico-laboral, educativo-social, sanitaria, cultural etc., tanto de nenas, rapazas, mulleres de mediana idade, como de mulleres maiores.

III.- PLAN DE TRABALLO E ESTRUCTURACIÓN DO PROXECTO

No presente informe presentamos unha *análise de tipo secundario* baseada especialmente nas seguintes fontes de información:

- Anuarios estadísticos do Concello de Santiago de Compostela
- Datos estatísticos de distintos organismos autonómicos ou estatais que concirnen ao Concello de Santiago de Compostela
- Os datos do Padrón Municipal

Efectuamos unha análise diferencial en función do xénero, especialmente centrado nas mulleres e nos distintos colectivos de mulleres, dos datos referentes particularmente ás seguintes áreas:

- Área demográfica
- Área económico-laboral
- Área socio-educativa e familiar
- Área de saúde
- Área específica das actuacións dos CIM que inclúe a violencia contra as mulleres

En efecto, presentaremos a través do noso estudo e análise detallado o perfil sociolóxico e social básica do Concello de Santiago de Compostela no tocante ao noso tema específico da Igualdade de Xénero que servirá de fundamento para a elaboración do novo Plan de Igualdade do Concello e que se entende ademais dende un ángulo transversal (no sentido das coñecidos plantexamentos do “mainstreaming”) e multidimensional. Esta primeira parte permitirá precisamente a posteriori, na segunda fase, a organización de contactos cos colectivos afectados e involucrados na temática, mesas de debate etc. para poder proceder á elaboración do devandito Plan de Igualdade

IV.- EQUIPO DE INVESTIGACIÓN:

Profa. Dra. Rita M^a Radl Philipp (Directora CIFEX-USC)

Profa. Dra. Ana M^a Porto Castro (CIFEX)

Prof. Dr. Jorge García Marín (CIFEX)

Profa. Dra. M^a Begoña Gómez Vázquez (CIFEX)

Profa. Dra. Josefa Mosteiro García (CIFEX)

Profa. Dra. Mónica Antelo Martelo (CIFEX)


Dna. Susana Martínez Sieira (Personal Técnico CIFEX)

1.- ASPECTOS DEMOGRÁFICOS EN FUNCIÓN DO XÉNERO REFERIDOS AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.- EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN SEGUNDO SEXO

A poboación feminina representaba o 53,1% da poboación total compostelá en 2001. Entre esa data e o 2007 o número de mulleres medrou en 3.002 efectivos por 2.240 no caso masculino. Nesa última data hai 6.274 mulleres máis que varóns vivindo no concello, o que supón que a porcentaxe feminina acade no ano o 53,3%.

GRÁFICO Nº 1. POBOACIÓN EN VIVENDAS FAMILIARES SEGUNDO O SEXO




Elaboración propia
Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

En canto á idade, pódese apreciar claramente nos últimos seis anos, observando as pirámides de poboación, o envellecemento da poboación, especialmente do envellecemento da poboación feminina.


Vemos como a base se estreita cada vez mais e como a cúspide ensánchase, isto é, observamos o aumento da poboación de mais de 60 anos. Tal e como se pode ver o aumento é moito maior no grupo feminino que no masculino. Especialmente a partir dos 70 anos apréciase un aumento espectacular da esperanza de vida das mulleres.

GRÁFICO Nº 2. PIRÁMIDE DE POBOACIÓN SEGUNDO A IDADE E O SEXO EN GRUPOS DE CINCO ANOS (2001 e 2007)

Ano 2001



Ano 2007



Elaboración propia Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

2. - DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN FEMININA SEGUNDO IDADE

O sector cun maior peso corresponde ao de mulleres entre os 30 e 49 anos (31,8%), seguido do de mulleres de 65 e máis anos (19,8%). Entre os 50 e 64 anos concéntrase o 19,5% da poboación feminina.

O grupo de mulleres máis novas (15-29 anos) supón o 18,2%. As nenas teñen o menor peso demográfico dentro do conxunto (10,7%). Xa dixemos que durante o último lustro aumentou significativamente o grupo de idade por enriba dos 60 anos.


TÁBOA Nº1. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN FEMININA SEGUNDO IDADE (2007)

	Mulleres	% sobre la Poboación total feminina
0-4 anos	1835	3,7
5-9 anos	1780	3,5
10-14 anos	1754	3,5
0-14 anos	5369	10.7
15-19 anos	2157	4,3
20-24 anos	2978	5,9
25-29 anos	4008	8
15-29 anos	9143	18.2
30-34 anos	4167	8,3
35-39 anos	3860	7,7
40-44 anos	3970	7,9
45-49 anos	3950	7,9
30-49 anos	15947	31.8
50-54 anos	3663	7,3
55-59 anos	3303	6,5
60-64 anos	2850	5,7
50-64 anos	9816	19.5
65-69 anos	2122	4,2
70-74 anos	2377	4,7
75-79 anos	2214	4,4
80-84 anos	1615	3,2
85-89 anos	1082	2,2
90 ou máis	545	1,1
65 e máis anos	9955	19.8
TOTAL	50230	100

Elaboración propia Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

Case o 20%, concretamente o 19,8%, das mulleres do concello teñen 65 ou máis anos. O número de mulleres maiores duplica, practicamente, ao de nenas tal e como vemos no seguinte gráfico.


GRÁFICO Nº 3. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN FEMININA SEGUNDO IDADE (2007)



Elaboración propia
 Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

As mulleres supoñen máis do 62% do total a partir dos 75 anos, chegando a representar o 72% das persoas de 85 ou máis anos.


GRÁFICO Nº 4. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN POR SEXO SEGUNDO IDADE (2007)



Elaboración propia Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

Ademais obsérvanse unhas diferenzas importantes por distritos. Os distritos cunha maior proporción de mulleres en idade de traballar son o 99 e o 4, os de maior concentración de mulleres maiores son o 6 e o 5 e os de maior presenza de nenas son o 99 e o 1.


GRÁFICO Nº 5. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN FEMENINA POR TRAMOS DE IDADE SEGUNDO DISTRITO



Elaboración propia
 Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

En cifras absolutas, o 85,7% das nenas compostelás viven nos distritos 4, 5, 2 e no 3.


GRÁFICO Nº 6. CONCENTRACIÓN DA POBOACIÓN FEMENINA DE 0-15 ANOS POR DISTRITOS



Elaboración propia
 Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

O 86,6% das mulleres en idade de traballar viven nos distritos 5, 4, 2 e 3.


GRÁFICO Nº 7. CONCENTRACIÓN DA POBOACIÓN FEMENINA DE 16-64 ANOS POR DISTRITOS



Elaboración propia
 Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

O 84,2% das mulleres maiores viven nos distritos 5, 4, 2 e 3.

GRÁFICO Nº 8. CONCENTRACIÓN DA POBOACIÓN FEMENINA DE 65 E MÁIS ANOS POR DISTRITOS




Elaboración propia
Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

En suma, de cara o Plan de Igualdade terase especialmente en conta o desequilibrio demográfico por xénero descrito anteriormente. Isto significa que o Plan de Igualdade terá que prever especificamente actividades para mulleres maiores. Particularmente, o 84% deste colectivo vive nos distritos 5, 4, 2 e 3. Asemade é relevante prever actividades, segundo os distintos distritos referentes a diversos aspectos específicos. Así, por exemplo, en relación a accións referidas a mulleres e actividade laboral serán importantes os distritos 5, 4, 2 e 3.

3.- DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN FEMENINA SEGUNDO LUGAR DE NACEMENTO

O 52,5% da poboación feminina compostelá é natural do concello. O resto son sobre todo naturais doutros concellos da provincia da Coruña ou doutras provincias galegas. O 5% son nadas noutras comunidades autónomas e o 7,8% noutros países.

GRÁFICO Nº 9. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN FEMENINA SEGUNDO LUGAR DE NACEMENTO




Elaboración propia
 Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

Neste sentido, se ben as mulleres estranxeiras constitúen unha minoría, hai que ter en conta que son xa un colectivo importante (practicamente o 8%), e polo tanto haberá que pensar en accións específicas para as mesmas.

Tamén aquí é interesante o punto de vista desigual por distritos. Os distritos 6 e 1 son os que contan cunha maior proporción de nadas no propio concello e ca menor de nadas no estranxeiro.

GRÁFICO Nº 10. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN FEMENINA SEGUNDO LUGAR DE NACEMENTO POR DISTRITOS




Elaboración propia
 Fonte: Padrón municipal. Concello de Santiago

4. NACEMENTOS

A media de nacementos dende o ano 2000 é de 713,9. Dende o ano 2004 o número de nacementos experimentou un apreciable repunte pasando das/os 687 neonatas/os en 2003 aos 773 en 2006. De media naceron no mesmo periodo 348,3 nenas por ano e 365,6 nenos. Aínda así vemos que a natalidade sitúase en niveis bastante baixos. Será preciso ter en conta este aspecto sobre todo de cara a accións que supoñan unha axuda e un apoio para as familias no coidado das nenos e nenas pequenas.

GRÁFICO Nº 11. EVOLUCIÓN DE NACEMENTOS SEGUNDO O SEXO




Elaboración propia

Fonte: Movemento natural da poboación de 2000 a 2006. Instituto Galego de Estadística (IGE)

A grande maioría de nacementos son de nais casadas, aínda que nos últimos anos aumentou a proporción de nais non casadas representando practicamente un cuarto do total dos casos.

Indubitablemente o dato anterior ten a súa relevancia, xa que as familias monoparentais precisarían de un apoio, se cabe, todavía maior que as familias compostas por unha parella e as súas fillas e fillos, se ben o dato acerca do estado civil reflexa só en parte esta situación.

GRÁFICO Nº 12. NACEMENTOS SEGUNDO O ESTADO CIVIL DA NAI




Elaboración propia

Fonte: Movemento natural da poboación de 2000 a 2005. Instituto Galego de Estadística (IGE)

Son as mulleres entre 30 e 34 anos as que protagonizan o maior número de novas maternidades seguidas das de entre 35 e 39 anos que por outra banda manteñen unha liña de crecemento constante dende o ano 2002. Entre 2005 e 2006 tamén se aprecia un incremento nos nacementos en nais de entre 40 e 44 anos de idade.


GRÁFICO Nº 13. EVOLUCIÓN DE NACEMENTOS SEGUNDO A IDADE DA NAI



Elaboración propia
 Fonte: Movemento natural da poboación de 2000 a 2006. Instituto Galego de Estadística (IGE)

Por outra banda, cada vez son máis as maternidades en mulleres economicamente activas. Do gráfico seguinte despréndese a influencia dunha actividade laboral económica na decisión de ter fillos.

GRÁFICO Nº 14. EVOLUCIÓN DE NACEMENTOS SEGUNDO ACTIVIDADE DA NAI




Elaboración propia Fonte: Movemento natural da poboación de 2000 a 2006. Instituto Galego de Estadística (IGE)

5. DEFUNCIÓNS

O 49,3% do total de defuncións foron de mulleres en 2001, cifra similar a de 2006 (49,5%). No ano 2003, obsérvase un pico nas defuncións femininas acadando o 52,1% do total de persoas mortas. En 2006 faleceu o 0,8% da poboación feminina e o 0,9% da masculina.

GRÁFICO Nº 15. EVOLUCIÓN DE DEFUNCIÓNS SEGUNDO SEXO




Elaboración propia

Fonte: Movemento natural da poboación de 2000 a 2006. Instituto Galego de Estadística (IGE)

6. MATRIMONIOS

A gran maioría de mulleres casan entre os 20 e os 39 anos, agora ben dende o ano 2005 muda a tendencia cobrando protagonismo o tramo de idade 30-39 anos.

GRÁFICO Nº 16. EVOLUCIÓN DE MATRIMONIOS DE RESIDENTES SEGUNDO A IDADE DA ESPOSA




Elaboración propia Fonte: Instituto Galego de Estadística

7. MULLERES MAIORES

Como se pode observar, máis da metade das mulleres maiores de 65 anos, (54,4%) conviven con algunha persoa menor de 65 anos, aínda que hai que ter en conta que existen case un 19% de núcleos de convivencia formados exclusivamente por persoas maiores de 65 anos. No concello Compostela observase asemade unha tendencia crecente de fogares unpersonales femeninos, isto é, mulleres vivindo soas; en Compostela este sector supón case que a cuarta parte das situacións de convivencia no caso das mulleres maiores. Ademais, dentro deste importante sector preto do 45% (concretamente o 44,8%) teñen 80 ou máis anos.


GRÁFICO N° 17 DISTRIBUCIÓN DE MULLERES DE 65 E MÁIS ANOS POR SITUACIÓN DE CONVIVENCIA. 2007



Elaboración propia
Fonte: Padrón Municipal Concello de Santiago

Insistimos na importancia de prever no Plan de Igualdade accións específicas para as mulleres maiores xa que constitúen un colectivo relevante, especialmente de cara a aquelas que viven soas.


GRÁFICO N° 18. DISTRIBUCIÓN DE MULLERES QUE VIVEN SOAS POR TRAMOS DE IDADE



Elaboración propia
Fonte: Padrón Municipal Concello de Santiago

A soedade convivencial feminina acada o 38,4% dos casos no distrito 5, sendo o distrito cun maior número de casos, seguido dos distritos 4 (24,0%) e 2 (16,3%). No distrito 5 agrúpanse o 38,4% das mulleres que viven soas, motivo polo cal hai que ter moi presente este dato de cara á planificación das actividades de apoio.


GRÁFICO Nº 19. DISTRIBUCIÓN DE MULLERES QUE VIVEN SOAS POR DISTRITO



Elaboración propia
 Fonte: Padrón Municipal Concello de Santiago

A variable idade influe de xeito notorio na posibilidade de convivir con outra persoa de máis de 65 anos. Dada a maior esperanza de vida no sector femenino da poboación, a posibilidade de vivir coa parella vai disminuíndo a medida que as mulleres van cumprindo anos. Nas idades máis elevadas hai que ter en conta que existe unha proporción considerable de mulleres que conviven incluso con algún ou algunha descendente que xa ten cumpridos os 65 anos.


GRÁFICO Nº 20. DISTRIBUCIÓN DE MULLERES QUE VIVEN CON PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS POR TRAMOS DE IDADE



Elaboración propia Fonte: Padrón Municipal Concello de Santiago


Tal e como nos mostran a continuación os gráficos 20 e 21, de novo nos atopamos con que son os distritos 5, 4 e 2 os que aglutinan as maiores porcentaxes de mulleres que conviven con persoas de 65 ou máis anos.

GRÁFICO Nº 21. DISTRIBUCIÓN DE MULLERES QUE VIVEN CON PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS POR DISTRITO



Elaboración propia
Fonte: Padrón Municipal Concello de Santiago


GRÁFICO Nº 22. DISTRIBUCIÓN DE MULLERES QUE VIVEN CON ALGUNHA PERSOA MENOR DE 65 ANOS POR DISTRITO



Elaboración propia
Fonte: Padrón Municipal Concello de Santiago

Máis da cuarta parte das mulleres compostelás maiores de 65 anos que viven en residencia colectiva teñen entre 70 e 89 anos.


GRÁFICO Nº 23. DISTRIBUCIÓN DE MULLERES QUE VIVEN EN RESIDENCIA COLECTIVA POR TRAMOS DE IDADE



2.- ASPECTOS RELEVANTES EN FUNCIÓN DO XÉNERO REFERENTES Á OCUPACIÓN E SITUACIÓN LABORAL

A ocupación feminina compostelá está claramente terciarizada. Máis dun tercio das mulleres foron contratadas no sector servizos nos anos considerados. Como segundo gran grupo de ocupación feminina mantense constante o grupo de traballadoran non cualificadas (17%). Comparando os anos 2005 e 2007, obsérvase un lixeiro aumento da poboación das contratadas como técnicas e profesionais científicas e intelectuais (2,7 puntos porcentuais), como operadoras de instalación, maquinaria e montadoras (1,5 puntos porcentuais) e como traballadoras cualificadas na agricultura e na pesca (0,1 puntos porcentuais) en igual proporción que nas forzas armadas. Pola contra diminúe a proporción de contratadas como artesáns e traballadoras cualificadas nas industrias manufactureiras, a construción, a minaría, agás as operadoras de instalacións e maquinaria (0,1 puntos porcentuais), as técnicas e profesionais de apoio (3,3 puntos porcentuais) e as empregadas de tipo administrativo (3,4 puntos porcentuais). A proporción de contraradas na dirección de empresas e das administracións públicas só representa o 0,3 do total de contratos nos tres anos referidos.

GRÁFICO Nº 24. CONCENTRACIÓN DO NÚMERO DE CONTRATOS POR GRANDES GRUPOS DE OCUPACIÓN




Elaboración propia

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de traballo

Como se pode apreciar a continuación, a ocupación cualificada na agricultura e na pesca, como operadores de instalacións e maquinaria e montadores, nas forzas armadas e sobre todo a ocupación na artesanía e no traballo cualificado nas industrias manufactureiras, a construción, a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria, está altamente masculinizado desde o punto de vista da contratación. Pola contra, son os servizos o emprego de tipo administrativo os focos de contratación maioritariamente feminina.

GRÁFICO Nº 25. DISTRIBUCIÓN DE CONTRATADOS/AS POR GRANDES GRUPOS DE OCUPACIÓN SEGUNDO SEXO. 2007




Elaboración propia
 Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de traballo

O paro feminino rexistrado case duplica ao masculino a nivel global, dato sen dúbida preocupante e relevante de cara ás accións do Plan de Igualdade.


Unicamente no que se refire ás persoas máis novas (<25 anos) se aproximan as cifras selectivas a varóns e mulleres)

GRÁFICO Nº 26. PARO MENSUAL REXISTRADO PARA MENORES DE 25 ANOS. 2007




Elaboración propia
 Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de traballo

GRÁFICO Nº 27. PARO MENSUAL REXISTRADO PARA O RESTO DAS IDADES. 2007



Elaboración propia Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de traballo

GRÁFICO Nº 28. PARO TOTAL MENSUAL REXISTRADO. 2007



Elaboración propia


Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de traballo

3.- FORMACIÓN E EMPREGO

Non hai dúbida de que dispor dun emprego ou desempeñar unha profesión evita caer en círculos de dependencia e constitúen elementos fundamentais para a autonomía das mulleres. Neste sentido á luz dos datos revisados constatamos como son as mulleres do municipio de Santiago de Compostela as que en maior medida atópanse en situación de desemprego e son beneficiarias dos diferentes programas dirixidos a facilitar a inserción laboral das persoas desempreadas do municipio.

Así pois, no ano 2007 recibiron asesoramento e orientación en materia laboral un 62% de mulleres fronte tan só un 38% de homes, o que nos amosa que as mulleres duplican en número as solicitudes de demanda de orientación. Neste senso tamén destacaremos que a orientación laboral é un tema moi importante para o colectivo das feminas e tamén para reducir o paro feminino.


GRÁFICO Nº 29. ENTREVISTAS REALIZADAS POR SEXO NO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL NO ANO 2007



Elaboración propia
Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

Do mesmo modo, son as mulleres as que superan de xeito contundente a participación na bolsa de emprego aos varóns (70% fronte o 30% respectivamente).


GRÁFICO Nº 30. PARTICIPANTES POR SEXO BOLSA DE EMPREGO NO ANO 2007



Elaboración propia Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

Polo que respecta á participación no Proxecto Crear, cuxo obxectivo é facilitar o acceso ao mercado laboral a persoas con especiais dificultades de inserción ou reinserción, a participación dos varóns supera a das mulleres no Programa experimental de emprego Crear III desenvolvido dende xuño de 2006 ata abril de 2007 (37% fronte a un 31% respectivamente). Pola contra no Programa experimental Crear IV desenvolvido dende outubro de 2007 a abril de 2008, a participación feminina é superior á masculina (69% fronte a 63% respectivamente).

GRÁFICO Nº 31. PARTICIPANTES POR SEXOS NO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE EMPREGO CREAR III E IV




Elaboración propia

* Crear III (xuño 2006-abril 2007). Crear IV (outubro 2007- abril 2008)

Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

A inserción laboral de homes e mulleres participantes no Programa experimental Crear III e IV adoita valores porcentuais contrapostos para elas e eles. Así, as mulleres participantes no Programa Crear III amosan unha porcentaxe superior de inserción que os homes (un 42% fronte un 29% respectivamente). Pola contra, no Programa Crear IV a porcentaxe de inserción dos homes é superior á das mulleres (un 71% fronte un 58% respectivamente).


GRÁFICO Nº 32. PARTICIPANTES INSERTADOS POR SEXO NO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE EMPREGO CREAM III E IV



Elaboración propia
 Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

Se atendemos a evolución das e dos participantes nos Programas Crear III e Crear IV pódese apreciar na seguinte gráfica, que entre os participantes no Programa Crear III son máis numerosos os homes que as mulleres, sen embargo, no Programa Crear IV a porcentaxe de mulleres participantes aumenta respecto o programa anterior Crear III e pasa a ser superior á de homes. No que fai referencia á inserción laboral, no Programa Crear III as mulleres son maioría en relación ós seus compañeiros varóns mentras que, no Programa Crear IV a porcentaxe de inserción laboral é inversa, superando os homes ás mulleres.


GRÁFICO Nº 33. EVOLUCIÓN DAS E DOS PARTICIPANTES NOS PROGRAMAS CREAM III E CREAM IV E INSERCIÓN LABORAL



Elaboración propia
 Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

Polo que se refire á participación de mulleres e homes noutro dos proxectos dirixidos a favorecer a inserción laboral que se levan a cabo dende o concello, o proxecto Persoa, podemos observar na seguinte gráfica que a maioría das persoas que participan son mulleres (94%) fronte a tan só un 6% de homes. A escasa participación dos homes, ademais doutros factores coxunturais, ven derivada do feito de que as especialidades que se imparten no proxecto están vinculadas ao coidado e atención de persoas (“Especialista en atención a personas mayores e discapacitadas”, “Especialista en mediación familiar e socieducativa na resolución de conflitos”, “Entrenador físico de persoas con discapacidade”, “Especialista no coidado da imaxe persoal e estética a persoas maiores e/ou dependentas”, “Atención temperá e estimulación precoz e Experto en envellecemento activo”.


GRÁFICO Nº 34. PROXECTO PERSONA III (DECEMBRO 2005- DECEMBRO 2007) PARTICIPANTES POR SEXO PROXECTO PERSONA III



Elaboración propia
 Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

No que respecta a idade das persoas participantes, tanto no caso das mulleres como dos varóns o tramo de idade maioritario corresponde ao de 25-45 anos.


GRÁFICO Nº 35. PARTICIPANTES SEGUNDO A IDADE NO PROXECTO PERSONA III



Elaboración propia
 Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

Atendendo ao nivel de estudos, a maioría das mulleres e varóns participantes teñen estudos universitarios e bacharelato.

GRÁFICO Nº 36. PARTICIPANTES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS NO PROXECTO PERSOA III




Elaboración propia

Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

Segundo antigüidade no paro todos os varóns participantes no proxecto Persoa levan menos dun ano en situación de desemprego. No caso das mulleres aínda que a maioría, un 89%, tamén levan menos dun ano en paro, un 5% leva entre 1 e 2 anos e 2 ou máis anos en situación de desemprego.

GRÁFICO Nº 37. PARTICIPANTES SEGUNDO A ANTIGÜIDADE NO PARO NO PROXECTO PERSOA III




Elaboración propia

Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

No proxecto Persoa III, un 40% das mulleres participantes nunca traballaron, o 39% delas non pertence a situacións especiais, o 19% son mulleres maiores de 45 anos e o 2% son emigrantes/inmigrantes. A metade dos varóns nunca traballou, o 33% non pertence a situacións especiais e o 17% é emigrante/inmigrante.


GRÁFICO Nº 38. PARTICIPANTES SEGUNDO A PRETENZA A SITUACIÓNS ESPECIAIS NO PROXECTO PERSOA III



Elaboración propia
 Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

En canto o programa Equal, no ano 2007 acceden a este programa un 52% de mulleres e un 48% de homes.


GRÁFICO Nº 39. EQUAL: PERSOAS ACCESO AO MERCADO LABORAL POR SEXOS



Elaboración propia
 Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

No que se refire a iniciativa emprendedora de mulleres e homes, as demandas atendidas polo servizo de asesoramento ao emprendemento, nos revelan que máis da metade das persoas que utilizaron este servizo no ano 2007 son mulleres (59%) fronte a un 41% de homes.


GRÁFICO Nº 40. USUARIAS/OS DO SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPREENDEDORES



Elaboración propia
 Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

En canto a participación nos cursos de formación profesional ocupacional do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP), atopamos diferenzas entre mulleres e homes en función das accións formativas. Así pois, en todos os cursos ofertados son maioría os homes a excepción de Xardinería. Onde atopamos as diferenzas máis acusadas entre ambos sexos son en Fontanería, Carpintería e Instalador de Enerxía Solar Térmica onde a participación das mulleres non acada o 10%. No curso de Cantaría, o número de mulleres é maior que nos cursos anteriores aínda que segue por debaixo do 50%. No que se refire ao curso de Xardinería son as mulleres as que teñen unha presenza maioritaria (57%) aínda que con pequenas diferenzas porcentuais respecto a presenza masculina que é dun 43%.


GRÁFICO Nº 41. PARTICIPANTES POR SEXOS NOS CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL DO PLAN FIP



Elaboración propia
 Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

No que se refire ás insercións laborais das persoas participantes nas diferentes especialidades formativas, constatamos como en Carpintería (0% mulleres e 16% homes) e Fontanería (0% mulleres e 21% homes) a porcentaxe de insercións laborais dos homes é superior a de mulleres, pola contra nas restantes accións formativas Instalador de Sistemas de Enerxía Solar Térmica (33% mulleres e 13% homes), Cantería (14% mulleres e 13% homes) e Xardinería (15% mulleres e 10% homes) son maioría as mulleres que acceden ao mercado laboral.

GRÁFICO Nº 42. PARTICIPANTES POR SEXOS INSERTADOS LABORALMENTE NOS CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIÓN DO PLAN FIP




Elaboración propia

Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

Por outra banda, son maioría as mulleres (en cifras absolutas) que realizan ou realizaron prácticas nalgunha empresa en actividades relacionadas coa formación recibida nos cursos de Xardinería e Cantería, mentras que o número de homes (en cifras absolutas) que fixeron prácticas é superior no caso dos cursos de Instalador de Sistemas de Enerxía Solar Térmica, Fontanería, Carpintería.


GRÁFICO Nº 43. PARTICIPANTES POR SEXOS QUE FIXERON PRÁCTICAS NOS CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIÓN DO PLAN FIP



Elaboración propia. Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo

En canto a participación de mulleres e homes nos cursos de formación do Obradoiro de Emprego “Compostela Natural” comprobamos como en todos os cursos ofertados, Albanelaría 2 (58% mulleres e 42%), Carpintería (67% mulleres e 33% homes), Xardinería (67% mulleres e 33% homes) e Electricidade (58% mulleres e 42% homes) son maioría as mulleres asistentes con niveis de participación superiores ao 50% mentras que en Albanelaría 1 os porcentaxes de participación de mulleres e homes son iguais.

GRÁFICO Nº 44. PARTICIPANTES POR SEXOS NO OBRADOIRO DE EMPREGO “COMPOSTELA NATURAL”



Elaboración propia

Fonte: Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo


Como conclusión no referente a este capítulo diremos que os programas do Concello que teñen por obxecto a formación e inserción laboral son esencialmente demandados polas mulleres, motivo polo cal haberá que potencialos de cara ao futuro e ao novo Plan de Igualdade do Concello. En todos os casos participan máis mulleres que varóns, mesmamente nas pácticas dos cursos de Formación ocupacional do Plan FIP.

4.- ÁREA DE EDUCACIÓN

4.1.- EDUCACIÓN PROFESIONAL, CICLOS MEDIOS E SUPERIORES


No curso 2006-07 na formación profesional tanto de ciclo medio como superior predomina a matrícula feminina (57% e 68,40% respectivamente) fronte á masculina (42,99% e 31,59% respectivamente). Datos similares se manteñen para o curso 2007-08 tal e como amosa o gráfico n° 45.

GRÁFICO N° 45. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLO MEDIO E SUPERIOR POR SEXOS (CURSO 2006-07)



Elaboración propia. Datos provisionais
Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario.


GRÁFICO N° 46. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLO MEDIO E SUPERIOR POR SEXOS (CURSO 2007-08)



Elaboración propia. Datos provisionais Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

O ciclo superior formativo de adultos de Administración conta cunha porcentaxe superior de alumnas que de alumnos (66,66% fronte a 33,33%). No ciclo de informática a distribución de matrícula segundo o sexo é inverso, contando cun 71,42% de homes e un 28,57% de mulleres.


GRÁFICO Nº 47. OFERTA FORMATIVA E ALUMNADO MATRICULADO EN CICLOS FORMATIVOS DE ADULTOS POR SEXO: CICLO SUPERIOR (CURSO 2007-08)



Elaboración propia
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Na Escola de Arte Mestre Mateo, no curso de Deseño de moda son maioría as mulleres matriculadas (74% de mulleres fronte a 26,08% de homes). Pola contra, os datos invirtense en Deseño de produtos que conta cun 73,91% de homes e un 26% de mulleres matriculados/as.


GRÁFICO Nº 48. OFERTA FORMATIVA E ALUMNADO MATRICULADO NA ESCOLA DE ARTE MESTRE MATEO POR SEXOS (CURSO 2007-08)



Elaboración propia. Datos provisionais.
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Na ensinanza universitaria a presenza das mulleres é superior á dos varóns, seguindo unha tendencia progresiva. Así, no curso 2005-06 estaban matriculadas na Universidade de Santiago de Compostela 15.355 mulleres que representan o 67,04% do total de alumnado, fronte a un 32,95% de homes. No seguinte curso académico 2006-07 a porcentaxe aumenta lixeiramente a un 67,45% do total de matrícula.


GRÁFICO Nº 49. ALUMNADO MATRICULADO NA UNIVERSIDADE NOS CURSOS 2005-06 E 2006-07



Fonte: USC

Respecto ó alumnado titulado, os datos constatan que as tituladas son, en termos porcentuais, moito máis numerosas que os titulados e, ademáis, esta tendencia aumenta de curso en curso.


GRÁFICO Nº 50. ALUMNADO TITULADO NA USC NOS CURSOS 2005-06 E 2006-07



Fonte: USC

Na Escola oficial de Idiomas, as mulleres son maioría en tódalas especialidades, sendo a porcentaxe máis elevada a correspondente ó idioma galego. No caso dos homes o idioma no que se observa unha matrícula superior é o portugués.


GRÁFICO Nº 51. ALUMNOS MATRICULADOS NA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS POR SEXO (CURSO 2007-2008)



Elaboración propia
Fonte: Escola Oficial de Idiomas

No conservatorio de música, a porcentaxe de mulleres matriculadas (56%) supera a de homes (44%).


GRÁFICO Nº 52. Alumnado POR SEXO: CONSERVATORIO DE MÚSICA (CURSO 2007-2008)



Elaboración propia. Datos provisionais
Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

A porcentaxe de mulleres e homes da Escola Municipal de Música é bastante próxima. Así, fronte un 52% de mulleres atopamos un 48% de homes.

GRÁFICO Nº 53. ALUMNADO POR SEXO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA (CURSO 2007-2008)




Fonte: Departamento de Educación. Concello de Santiago

4.2.- EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA


En canto a distribución do alumnado na **educación infantil e primaria**, comprobamos que en ámbalas dúas etapas formativas a distribución dos dous sexos é practicamente igualitaria, aínda que a porcentaxe de alumnas é algo inferior a de alumnos.

GRÁFICO N° 54. ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN INFANTIL POR SEXO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario


GRÁFICO N° 55. ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA POR SEXO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Se atendemos a titularidade do centro, a lectura dos datos revela que a matricula de alumnado masculino e feminino está bastante equilibrada, atopando maiores diferenzas no caso dos centros de ensino público onde comprobamos como un 53,20% do alumnado matriculado nesta etapa son homes fronte a un 46,80% de mulleres.


GRÁFICO Nº 56. ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN INFANTIL POR SEXO E TIPO DE CENTRO(CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

No que respecta a educación primaria, ao igual que constatamos na educación infantil a porcentaxe de alumnado masculino en centros públicos e privados é maior ca do feminino alcanzando porcentaxes máximos nos centros privados do 52% do total.


GRÁFICO Nº 57. ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA POR SEXO E TIPO DE CENTRO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Na **educación secundaria obrigatoria**, a tendencia é similar a de etapas inferiores, sendo de novo as cifras de estudantes de ambos sexos practicamente iguais, cunha diferenza de catro puntos a favor dos homes.


GRÁFICO Nº 58. ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA POR SEXO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

En canto ao número de matriculados en función do tipo de centro, atopamos diferenzas entre os centros públicos e privados. Deste modo, hai máis mulleres (52,35%) que homes (47,65%) que están a cursar a ESO en centros públicos, mentras que nos centros privados as cifras se invirten, e son agora os homes os que alcanzan o porcentaxe máis alto de matrícula (55,92% de homes fronte a 44,08% de mulleres).


GRÁFICO Nº 59. ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA POR SEXO E TIPO DE CENTRO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Os datos que aparecen na gráfica seguinte referidos ao número de persoas adultas que están a cursar educación secundaria obrigatoria en centros públicos, xa que non dispoñemos de información da matrícula de centros privados, nos indican que hai un 54,55% de homes matriculados fronte a un 45,45% de mulleres.


GRÁFICO Nº 60. ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA DE ADULTOS EN CENTROS PÚBLICOS POR SEXO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

No tocante aos **programas de cualificación profesional inicial**, os únicos datos disponibles referidos aos centros públicos, mostran como o número de alumnos (72%) que están a cursar estes estudos é maior ca de alumnas (28%).


GRÁFICO Nº 61. ALUMNADO MATRICULADO EN PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL EN CENTROS PÚBLICOS POR SEXO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

No **bacharelato** os datos se invirten, e son agora as mulleres as que cursan en maior medida estes estudos, atopándonos cun 55,46% de mulleres matriculadas e un 44,54% de homes.


GRÁFICO Nº 62. ALUMNADO MATRICULADO EN BACHARELATO POR SEXO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Atendendo a titularidade do centro, atopamos certas diferenzas entre centros privados e públicos. Mentres estes últimos teñen unha porcentaxe de mulleres superior a dos homes (57,90% de mulleres e 42,10% de homes), os centros privados presentan porcentaxes moi similares e de arredor do 50%.


GRÁFICO Nº 63. ALUMNADO MATRICULADO EN BACHARELATO POR SEXO E TIPO DE CENTRO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Na análise do alumnado de bacharelato de adultos, pódese observar na seguinte gráfica como practicamente existe igual número de homes que mulleres que están a cursar estes estudos que se situa arredor do 50%.


GRÁFICO Nº 64. ALUMNADO MATRICULADO EN BACHARELATO DE ADULTOS EN CENTROS PÚBLICOS POR SEXO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

No que se refire ao alumnado matriculado en **ciclos formativos** segundo sexo, as mulleres constituen unha clara maioría, cunha porcentaxe dun 52,17% en relación a un 47,83% de homes.


GRÁFICO Nº 65. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLOS FORMATIVOS POR SEXO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

As porcentaxes do alumnado xa ofrecen variacións se diferenciamos segundo tipo de centro e sexo, mentres que os centros públicos contan cun alumnado maioritariamente feminino (74,29%), a matrícula de centros privados de ambos sexos é practicamente igual.


GRÁFICO Nº 66. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLOS FORMATIVOS POR SEXO E TIPO DE CENTRO (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Aos ciclos formativos de adultos de centros públicos asisten maioritariamente homes.


GRÁFICO Nº 67. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLOS FORMATIVOS DE ADULTOS EN CENTROS PÚBLICOS POR SEXO E (CURSO 2008-09)



Elaboración propia. Datos provisionais
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Os datos de distribución do alumnado feminino no curso 2007-2008 revelan que a maior matrícula sitúase na Educación Primaria (24%) e no Bachelato de Adultos (20%). A porcentaxe de mulleres matriculadas en Ciclos Formativos Ordinarios, Educación Infantil, Bachelato Ordinario e Educación Secundaria Adultos é moi similar (13%, 12%, 12% e 11% respectivamente). A menor presenza de mulleres corresponde a PGS/PCA e Ciclos Formativos Adultos con 5% e 2% respectivamente. No curso académico 2008-09 os datos son practicamente os mesmos. Os niveis onde se atopan matriculadas maior número de mulleres corresponde á Educación Primaria (24%) e Bachelato Adultos (18%). En Ciclos Formativos Ordinarios a porcentaxe é do 14% e no Bachelato Ordinario do 13%. A matrícula é igual en Educación Infantil e na Educación Secundaria Adultos (12%). Rexístrase menor matrícula en Secundaria Adultos e Ciclos Formativos Adultos con 5% e 2% respectivamente.

GRÁFICO Nº 68. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO FEMENINO SEGÚN TIPO DE ESTUDOS




Elaboración propia

Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

No curso 2007-08 máis da metade das mulleres están matriculadas nas ensinanzas concertadas en Educación Infantil (52,01%). O 36,64% están matriculadas en centros públicos e o 11,34% en ensinanza non concertada. Non se observan variacións respecto da matrícula correspondente ó curso 2008-09. A matrícula máis numerosa rexístrase nas ensinanzas concertadas (51,75%), seguida dos centros públicos (37,90%) e das ensinanzas non concertadas (10,35%).

GRÁFICO Nº 69. MULLERES MATRICULADAS EN EDUCACIÓN INFANTIL




Elaboración propia

Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

En Educación Primaria máis da metade das mulleres están matriculadas no curso 2007-08 en centros concertados (52,01%). O 36,64% está matriculada en centros públicos e un 11,34% en centros non concertados. No se observan variacións respecto dos datos de matrícula feminina nesta etapa educativa no curso 2008-09. A maioría das mulleres están matriculadas en centros concertados (51,75%). Un 37,90% está matriculada en centros públicos e un 10,36% en centros non concertados.

GRÁFICO Nº 70. MULLERES MATRICULADAS EN EDUCACIÓN PRIMARIA




Elaboración propia

Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Na E.S.O. a porcentaxe de mulleres matriculadas en centros públicos no curso 2007-08 é do 52,29%. En ensinanzas concertadas esta porcentaxe baixa a un 31,46% e

nos centros non concertados ó 11,5%. No curso 2008-09 atópanse valores practicamente iguais nestas tres modalidades de ensinanza: 52,94% de mulleres matriculadas neste nivel educativo en centros públicos, 36,66% en centros concertados e 10,4% en centros non concertados.


GRÁFICO Nº 71. MULLERES MATRICULADAS NA E.S.O.



Elaboración propia
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Algo máis das tres cuartas partes das mulleres que durante o curso 2007-08 estudan Bacharelato Ordinario están matriculadas en centros públicos (75,59%). O restante 24,41% da matrícula feminina corresponde a centros non concertados. No curso 2008-09, os datos son semellantes. O 74,61% cursan Bacharelato Ordinario en centros públicos e o 25,39% en ensinanzas non concertadas.


GRÁFICO Nº 72. MULLERES MATRICULADAS NO BACHARELATO ORDINARIO



Elaboración propia
 Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

Nos Ciclos Formativos Ordinarios os centros públicos concentran a maior matrícula de mulleres no curso 2007-08 (83,07% fronte o 16,93% de matrícula en ensinanzas non concertadas). No curso 2008-09 os datos son practicamente iguais. A matrícula feminina é considerablemente superior nos centros públicos respecto os centros non concertados (82,75% de 17,25% respectivamente).

GRÁFICO Nº 73. MULLERES MATRICULADAS EN CICLOS FORMATIVOS ORDINARIOS



Elaboración propia
Fonte: CEOU. Secretaría Xeral. Estatística do ensino non universitario

En resumo, nos niveis máis baixos de ensino, é dicir, en Educación Infantil e Primaria, as mulleres optan por ensinanzas concertadas, mentras que na E.S.O., Bachelato Ordinario e Ciclos Formativos Ordinarios a matrícula feminina concéntrase maioritariamente en centros públicos.


En suma, o nivel educativo das mulleres que viven no Concello de Santiago tense elevado considerablemente. Nestes momentos constitúen a maioría en todos niveis, sobre todo no de secundaria e ensino superior. Isto é, as mulleres compostelás mostran na actualidade un nivel educativo superior ao dos varóns, tema que non se reflicte na ocupación laboral. Ademáis cursan especialmente estudos en centros públicos. As accións do Plan de igualdade deberán ter en conta este extremo de xeito específico.

5.- DATOS REFERENTES AO PERSOAL MUNICIPAL

5.1.-DATOS XERAIS

No ano 2006, o persoal municipal estaba integrado maioritariamente por varóns (72%). As mulleres representaban un 28% do total. Estas mesmas porcentaxes mantéñense sen variacións no ano 2007.

GRÁFICO Nº 74. PERSOAL MUNICIPAL POR SEXO NOS ANOS 2006 E 2007




Elaboración propia
Fonte: Xestión de Persoal. Concello de Santiago

A área de *circulación e seguridade cidadá* (53%) é a que ten unha porcentaxe superior de persoal municipal masculino. Un 16% do persoal municipal masculino concéntrase na área de *urbanismo e infraestruturas*, seguida da área *social* (12%). Un 8% do persoal municipal masculino traballa na área de *administración xeral e réxime interior* e un 5% en *contratación e servizos comunitarios*. O persoal municipal masculino ten menor presenza na área de *fazenda e servizos económicos* e nos *órganos de goberno* (3%).


O persoal municipal feminino concéntrase maioritariamente na área de *administración xeral e réxime interior* (25%). Un 20% do persoal municipal que traballa na área *social* son mulleres, e o 18% e 16% respectivamente o fai na área de *fazenda e servizos económicos* e *urbanismo e infraestruturas*. As mulleres teñen unha menor presenza dentro do cadro de persoal municipal nas áreas de *circulación e seguridade cidadá* e *órganos de goberno* (8%) e na de *contratación e servizos comunitarios* (5%).

GRÁFICO Nº 75. PERSOAL MUNICIPAL POR ÁREAS NO ANO 2006 (HOMES)



Elaboración propia
 Fonte: Xestión de Persoal. Concello de Santiago

GRÁFICO Nº 76. PERSOAL MUNICIPAL POR ÁREAS NO ANO 2006 (MULLERES)



Elaboración propia
 Fonte: Xestión de Persoal. Concello de Santiago

Na seguinte táboa recollese a distribución do persoal municipal do Concello de Santiago de Compostela segundo a área e o sexo. Como se pode comprobar, o persoal municipal está constituído maioritariamente por varóns (71,36% de varóns fronte a 28,63% de mulleres). O sector cun maior peso corresponde ao de policía (35,03%) seguido do de bombeiros (15,29%) e a banda de música (7,64%) no caso dos varóns. No grupo de mulleres destaca a súa maior presenza na administración xeral (21,69%) seguida de facenda (17,46%) e urbanismo (12,70%).

TÁBOA Nº 2. PERSOAL MUNICIPAL POR ÁREAS E SEXO NO ANO 2007


	Homes	%	Mulleres	%
Administración Xeral	33	7.01	41	21.69
Banda de Música	36	7.64	1	0.53
Bombeiros	72	15.29	0	0.00
Cidade Histórica	7	1.49	1	0.53
Centros Socioculturais	6	1.27	3	1.59
Cultura	2	0.42	0	0.00
Deportes	12	2.55	2	1.06
Educación	3	0.64	4	2.12
Emigración/Inmigración	1	0.21	1	0.53
Facenda	16	3.40	33	17.46
Festas	0	0.00	3	1.59
Información	0	0.00	6	3.17
Informática	6	1.27	2	1.06
Infraestructuras	22	4.67	0	0.00
Medio Ambiente	4	0.85	0	0.00
Mercados	0	0.00	1	0.53
Muller	1	0.21	2	1.06
Omic	1	0.21	1	0.53
Órganos de goberno	5	1.06	20	10.58
Parques e Xardíns	16	3.40	3	1.59
Policía	165	35.03	13	6.88
Promoción Económica	4	0.85	3	1.59
Relacións Veciñais	1	0.21	1	0.53
Sanidade	5	1.06	0	0.00
Servizos sociais	6	1.27	15	7.94
Tráfico	6	1.27	1	0.53
Umad	8	1.70	8	4.23
Urbanismo	33	7.01	24	12.70
Total	471	100.00	189	100.00

Elaboración propia

Fonte: Xestión de Persoal. Concello de Santiago

No cadro de persoal do Auditorio de Galicia a presenza masculina (62%) e casi o dobre que a feminina (38%).


GRÁFICO Nº 77. PERSOAL DO AUDITORIO DE GALICIA POR SEXO NO ANO 2007



Elaboración propia
Fonte: Auditorio de Galicia

Na Empresa Municipal de vivenda e solo de Santiago de Compostela, SA EMUVISSA no ano 2006 o personal masculino é superior o feminino (70% fronte o 30%). No ano 2007 o persoal tamén é maioritariamente masculino, concretamente, un 78% de homes fronte a un 22% de mulleres.


GRÁFICO Nº 78. PERSOAL POR SEXOS NA EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SA (EMUVISSA) NOS ANOS 2006 E 2007



Elaboración propia
Fonte: EMUVISSA. Concello de Santiago

Na sociedade municipal de xestión do transporte urbano de Santiago, SA (TUSSA) traballa unha porcentaxe de mulleres considerablemente máis baixa que de homes (26% fronte o 74% respectivamente).


GRÁFICO Nº 79. PERSOAL POR SEXO SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, SA (TUSSA) 2007



Elaboración propia
 Fonte: TUSSA. Concello de Santiago

No ano 2006, a porcentaxe de mulleres que traballan na Empresa mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos (XADE) SL é do 38%, mentras que a de homes é casi o dobre (62%). No ano 2007 a porcentaxe de mulleres que traballan na Empresa mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos (XADE) SL aumenta respecto o ano anterior pasando a ser agora do 43%. En consecuencia a porcentaxe de persoal do sexo masculino diminúe en relación ó ano 2006 pero continua sendo superior á de persoal feminino (57%).


GRÁFICO Nº 80. PERSOAL POR SEXO EMPRESA MIXTA XESTIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTÁCULOS (XADE) SL, ANOS 2006 E 2007



Elaboración propia
 Fonte: XADE

O persoal feminino de Información e Comunicación local, SA (INCOLSA) no ano 2007 é máis do dobre (68%) que a o masculino (32%).

GRÁFICO Nº 81. PERSOAL POR SEXO INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, SA (INCOLSA), 2007




Elaboración propia
Fonte: Incolsa (Oficina Municipal de Turismo). Concello de Santiago

Os datos precedentes indican que a tenor dun maior equilibrio en función do xénero, haberá que pensar en accións de promoción específicas dirixidas ao colectivo das mulleres de cara ao novo Plan de Igualdade do Concello

5.2.- DATOS DA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

Na maioría dos casos son as mulleres que participan no programa de axuda no fogar; dirixido a persoas con autonomía limitada, concretamente un 84% fronte a un 16% de varóns.


GRÁFICO Nº 82. PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR POR SEXO (2007)



Elaboración propia
Fonte: Servizos Sociais. Concello de Santiago de Compostela

En relación ao programa de teleasistencia domiciliaria, o 89,70% das persoas usuarias deste servizo son varóns mentras que as mulleres representan tan só o 10,3%.


GRÁFICO Nº 83. PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA POR SEXO (2007)



Elaboración propia Fonte: Servizos Sociais. Concello de Santiago de Compostela

Foron no ano 2007 un total de 55 as mulleres que solicitaron o servizo de atención domiciliaria á infancia e 25 as nenas e nenos beneficiarios.


GRÁFICO N° 84. SERVICIO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (2007)



Elaboración propia
 Fonte: Departamento da Muller. Concello de Santiago

Polo que se refire ás persoas beneficiarias das medidas recollidas no Plan de Inclusión Social, según os datos correspondentes ao ano 2007, son maioría as mulleres participantes nas accións que integran dito plan.


GRÁFICO N° 85. PLAN DE INCLUSIÓN SOCIAL POR SEXOS (2007)



Elaboración propia Fonte: Servizos Sociais. Concello de Santiago

En canto ao número de persoas usuarias das Unidades de Traballo Social (UTS) nos atopamos con que son as mulleres (57%) as principais beneficiarias deste servizo.

GRÁFICO Nº 86. USUARIOS DAS UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL POR SEXOS (2007)




Elaboración propia
Fonte: Servizos Sociais. Concello de Santiago

Na área de benestar social as persoas destinatarias son tamén maioritariamente as mulleres, un colectivo que desde este punto de vista require, indudablemente un apoio especial.

6.- ÁREA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O número de mulleres vítimas de malos tratos rexistradas na casa de acollida municipal descendeu dende 2005, cando se atopaban na casa de acollida un total de 35 mulleres. Ao ano seguinte, en 2006, esta cifra tamén se veu diminuída, para situarse en 23 mulleres, fronte ás 18 que houbo no 2007. A idade media das mulleres acollidas diminuíu ao longo dos anos, sendo cada vez máis novas as mulleres que acuden a casa de acollida, que pasou de 31 anos a 27 durante o ano 2007. En canto ao número de nenas e nenos acollidos os datos revelan que no ano 2005 se atopaban na casa de acollida un total de 23 nenas e nenos, que no ano 2006 esta cifra viuse incrementada cun total de 26 rapazes e no último ano 2007 foron 17 o total de nenas e nenos que residían na casa municipal de acollida.


GRÁFICO N° 86. CASA MUNICIPAL DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS



Elaboración propia
Fonte: Departamento da Muller. Concello de Santiago

En canto ao lugar de procedencia das mulleres da casa de acollida, na súa maioría pertencen a municipios da provincia de A Coruña e de Santiago de Compostela, sendo inferior a porcentaxe de mulleres que proceden doutras provincias galegas, con independencia do ano que tomemos como referencia


GRÁFICO Nº 87. LUGAR DE PROCEDENCIA



Elaboración propia
 Fonte: Departamento da Muller. Concello de Santiago

En cuanto ao seu nivel de estudos, nos tres anos tomados como referencia, a maioría das mulleres teñen estudos primarios e secundarios, sendo inferior o número de mulleres con titulación superior.


GRÁFICO Nº 88. NIVEL DE ESTUDOS DAS MULLERES ACOLLIDAS



Elaboración propia
 Fonte: Departamento da Muller. Concello de Santiago

Por outra parte, e no que respecta ao vínculo que lles unía coa súa parella, na maioría dos casos tratábase do seu compañeiro sendo este porcentaxe moi elevado, dun 60,61%, con respecto as restantes categorías no ano 2005. Nos anos 2006 e 2007 segue a ser o compañeiro principalmente o maltratador xunto co cónxuxe.

GRÁFICO Nº 89. VÍNCULO COA PARELLA



Elaboración propia
Fonte: Departamento da Muller. Concello de Santiago


Tal e como vemos, o tema da violencia contra as mulleres requerirá, sen dúbida, dunha atención especial á hora da elaboración do novo Plan de Igualdade.

7.- CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM)

PERFIL SOCIOECONÓMICO DAS CONSULTANTES

No servizo de información ás mulleres (CIM) leváronse a cabo no ano 2008 un total de 1.723 consultas, destas un 97,74% (1.684) foron feitas por mulleres e un 2,26% (39) corresponderon a consultas feitas por homes¹.


GRÁFICO Nº 90. SEXO DAS/OS CONSULTANTES



Elaboración propia
Fonte: CIM

Máis do 61% (61,23%) das consultantes tiñan unha idade comprendida entre os 26 e os 45 anos. O maior numero de consultas foron feitas por mulleres entre os 36 e 45 anos, isto é, 565 consultas que representan o 32,79% do total, seguidas das usuarias de entre 25 e 35 anos que supuxeron o 28,44% (490). As consultas de mulleres de 56 ou máis anos foron as seguintes en número (305) representando o 17,70% seguidas das de 46 a 55 anos (272: 15,79%). As máis novas, ata os 25 anos, unicamente supuxeron o 5,28% do total de consultas no CIM.

GRÁFICO Nº 91. IDADE DAS/OS CONSULTANTES




Elaboración propia Fonte: CIM

¹ Nos datos que de seguido se presentan terase en conta esta porcentaxe xa que non están desagregados por sexo aínda que por tratarse dunha porcentaxe desestimable empregaremos o femenino.

Segundo o estado civil, as consultas proviñeron nun 37,09% de mulleres casadas, as separadas e divorciadas supuxeron ao redor do 18%, sumando un 35,69% do total. O terceiro gran grupo corresponde ás solteiras, neste caso foron 311 o que supón o 18.05% das consultas.


GRÁFICO N° 92. ESTADO CIVIL



Elaboración propia
Fonte: CIM

A maioría das consultantes que acudiron ao CIM tiñan un ou dous fillos/as (63.26%), o 19.5% tiñan tres ou máis e algo máis do 17% (17,24%) no tiñan descendencia.


GRÁFICO N° 93. NÚMERO DE FILLOS/AS



Elaboración propia
Fonte: CIM

Máis da metade das consultantes (57,01%) presentaban un nivel educativo baixo (sen estudos, primarios incompletos ou primarios). A proporción de mulleres con estudos medios non acada a cuarta parte do total (24,26%) e unicamente un 5,63% acreditaban estudos superiores.


GRÁFICO Nº 94. ESTUDOS



Elaboración propia
Fonte: CIM

Polo que se refire á actividade económica, a maior parte das consultantes (59,49%) non traballaba. O 40,51% restante, é dicir, traballadoras, desempeñaban a súa actividade laboral especialmente no sector servizos (52,97%) e no servizo doméstico (14,47%). Na industria só traballaban o 5,21% e na agricultura un 0,14%. O 27,21%, é dicir, máis da cuarta parte non aportan información sobre a súa actividade ou está recollida na categoría “outros”.


GRÁFICO Nº 95. ACTIVIDADE ECONÓMICA



Elaboración propia
Fonte: CIM

En canto ao tipo de actividade que estaban a realizar as englobadas en “Outras situacións”, principalmente traballaban no fogar (29,98%) seguidas nun 24,13% e nun 22,94% de paradas e pensionistas, respectivamente. En menor proporción atopábanse as incluídas en outras categorías (12,01%), as que ns/nc (6,49%) e en ultimo lugar as estudantes (4,44%).


GRÁFICO Nº 96. OUTRAS SITUACIÓNS



Elaboración propia
Fonte: CIM

Do total de consultantes que acudiron ó CIM, o 9,06% pertencían a colectivos de/en risco de exclusión, especialmente prostitución (6.09%) e inmigrantes (2.79%).


GRÁFICO Nº 97. OUTROS COLECTIVOS



Elaboración propia
Fonte: CIM

A maioría das que acudiron ao CIM foron mulleres sen ingresos (87,58%). Menos do 5% (4.71%) tiñan ingresos de máis de 600 €.


GRÁFICO Nº 98. INGRESOS FAMILIARES



Elaboración propia
Fonte: CIM

A procedencia das consultantes foi case que exclusivamente urbana, só un 2.44% das consultas foron de mulleres do rural.

GRÁFICO Nº 99. HABITAT




Elaboración propia
Fonte: CIM

CARACTERÍSTICAS DAS CONSULTAS NO CIM

Antes de abordar as características de consultas no CIM cabe resaltar que o principal medio polo que as usuarias souberon do centro foron outros servizos das administracións públicas (92.63%). A rede de amizade e coñecidos foi o segundo medio de coñecemento deste servizo municipal (4.35%).

GRÁFICO Nº 100. MEDIO POLO QUE COÑECEU OCENTRO




Elaboración propia
Fonte: CIM

VÍAS DE CONSULTA

O medio de consulta foi maioritariamente presencial (93,50%), é dicir acudindo persoalmente ao centro. A segunda vía máis empregada foi a telefónica, nun 5,34% dos casos. Outros medios como o postal e outros non acadaron o 1%.

GRÁFICO Nº 101. TIPO DE CONSULTAS



Elaboración propia Fonte: CIM

TIPOLOXÍA DAS CONSULTAS


Como é ben sabido o CIM proporciona con carácter permanente:

- Atención psicolóxica.
- Asesoramento xurídico.
- Orientación profesional.
- Información en materia de recursos.
- Calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o demanden.
- Información e asesoramento en materia de igualdade de oportunidades aos grupos de mulleres que de forma colectiva o demanden.

ÁREA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA

Dentro da área de atención psicolóxica as situacións emocionais detectadas (36%) e as atencións prestadas (35%) son as máis comúns, o 29% restante pertence a demandas expostas polas usuarias.


GRÁFICO Nº 102. ÁREA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA



Elaboración propia
Fonte: CIM

Entre as situacións emocionais detectadas a maioría son por causa da ansiedade (48%), o segundo grupo está constituído por sintomatoloxía presentada ante violencia (17%), a angustia e a tristeza ocupan o terceiro e cuarto lugar, respectivamente.


GRÁFICO Nº 103. SITUACIÓN EMOCIONAL DETECTADA



Elaboración propia
 Fonte: CIM

Entre as demandas expostas polas usuarias as máis significativas foron por problemas de parella (69%) seguidas das relacionadas con problemas familiares (13%). As demandas relacionadas coa violencia fora da parella representaron o 7% (4% no caso de “violencia por parte doutros” e 3% no caso de “violencia sexual”) na mesma porcentaxe que as relacionadas con “patoloxía individual”. As demandas referidas a problemáticas laborais foron as menos frecuentes (2%).


GRÁFICO Nº 104. DEMANDA EXPOSTA POLA USUARIA



Elaboración propia
 Fonte: CIM

Atendendo ao Gráfico nº 104, atopámonos con que polo que respecta aos problemas de parella, nun 58% tratábase de casos de violencia, nun 23% por ruptura e nun 19% por dificultades no seu seo.


GRÁFICO Nº 105. PROBLEMAS DE PARELLA



Elaboración propia
Fonte: CIM

Entre a sintomatoloxía presentada fronte as situacións de violencia a mais común (30%) foi a sensación de perigo constante, seguida pola vergoña (23%). O sentimento de inutilidade e a afectación do equilibrio afectivo foron outros síntomas que representaron o 12% dos casos, mentras que os trastornos da alimentación e o sono acadaron o 9%.


GRÁFICO Nº 106. SINTOMATOLOXÍA PRESENTADA ANTE A VIOLENCIA



Elaboración propia Fonte: CIM

Das demandas vinculadas a problemas familiares foron os problemas coa descendencia os máis numerosos (60%). As dificultades coa “familia extensa” e con “outros” supuxeron o 21% e 19%, respectivamente.


GRÁFICO Nº 107. PROBLEMAS FAMILIARES



Elaboración propia
Fonte: CIM

Entre os problemas laborais un 62% foron por causas que non se identifican e un 38% é por acoso moral.


GRÁFICO Nº 108. PROBLEMAS LABORAIS



Elaboración propia
Fonte: CIM

Dentro das consultas, a maioría foron casos de terapia e/ou seguimento (65%), un 26% de información xeral, e en menor proporción os recursos ofertados (5%) e os recursos derivantes (2%).


GRÁFICO Nº 109. ATENCIÓN PRESTADA



Elaboración propia
Fonte: CIM

Nas diversas consultas das usuarias dentro da información xeral que se lles proporciona, o 36% foron de escoita activa, o 26% consello asistido, 20% apoio na toma de decisións e o 18% apoio na verbalización de problemas.


GRÁFICO Nº 110. INFORMACIÓN XERAL



Elaboración propia
Fonte: CIM

Na maioría dos casos a terapia/seguimento foi de tipo individual (98%)


GRÁFICO Nº 111. TERAPIA E/OU SEGUIMENTO



Elaboración propia
Fonte: CIM

Entre os recursos derivantes destacaron, cun 37%, a asesoría xurídica seguido do servizo psiquiátrico e da asesoría laboral (25%), por último cun 13% o servizo psicolóxico.


GRÁFICO Nº 112. RECURSOS DERIVANTES



Elaboración propia
Fonte: CIM

Entre os recursos ofertados cun 70% atopamos a asesoría xurídica, cun 20% o servizo de saúde mental e cun 10% os servizos sociais.

GRÁFICO Nº 113. RECURSOS OFERTADOS



Elaboración propia
Fonte: CIM


ÁREA EMPREGO

A única información solicitada nesta área foi sobre becas

ÁREA EMPREGO

O tipo de información consultada no CIM, dentro da Área de Emprego, estivo relacionada coa Orientación ao emprego (86,11%) e co Emprego Formación (13,89%).


GRÁFICO Nº 114. ÁREA DE EMPREGO



Elaboración propia Fonte: CIM

Dentro do Emprego Formación, o INEM ou organismo equivalente e as Institucións rexistraron un 40% das consultas respectivamente, mentres que un 20% foron consultas de outro tipo.


GRÁFICO Nº 115. EMPREGO FORMACIÓN



Elaboración propia
Fonte: CIM

En canto a Orientación de Emprego, un 70,97% foi sobre o traballo asalariado e un 6,45% sobre o traballo autónomo, concretamente as axudas ó traballo autónomo. Unha porcentaxe significativa de 22,58% foron consultas de outro tipo.


GRÁFICO Nº 116. ORIENTACIÓN DE EMPREGO



Elaboración propia
Fuente: CIM

No que atinxe ao traballo asalariado, as consultas rexistradas no CIM centráronse nas bolsas de traballo (72,73%), ofertas de emprego públicas e privadas (18,18%) e nun 4,55% nas Axencias de colocación e Empresa de traballo temporal.

GRÁFICO Nº 117. TRABAJO ASALARIADO




Elaboración propia
Fuente: CIM

ÁREA DE RECURSOS

Na Área de recursos, as consultas centráronse na súa maioría nos Servicios Sociais (91,97%), na Saúde (1,21%) e nas Asociacións (0,15%, concretamente nas Asociacións de Mulleres). Rexistrouse un 6,67% de varias consultas.

GRÁFICO Nº 118. ÁREA DE RECURSOS




Elaboración propia
Fonte: CIM

SERVICIOS SOCIAIS

Dentro dos Servicios Sociais, rexistrouse un 51,07% de consultas relacionadas coas mulleres maltratadas, un 32,13% sobre a asistencia social, seguido por un 9,88% sobre as nais solteiras. As consultas relativas a terceira idade supuxeron un 1,32%. Outro tipo de consultas rexistraron un 5,60% .

GRÁFICO Nº 119. SERVICIOS SOCIAIS




Elaboración propia Fonte: CIM

MULLERES MALTRATADAS

As consultas relacionadas coas mulleres maltratadas foron na súa maioría de información xeral (58,06%), seguidas por consultas vinculadas ás axudas económicas (39,35%), e sobre as casa de acollida (2,58%).

GRÁFICO Nº 120. MULLERES MALTRATADAS




Elaboración propia
Fonte: CIM

ASISTENCIA SOCIAL

No eido da Asistencia Social, un 57,44% das consultas realizadas no CIM foron de información xeral, seguidas polas consultas sobre as axudas económicas (34,87%), e as garderías (5,13%). Unha porcentaxe igual tiveron as consultas sobre os albergues e os comedores (1,03%). A axuda domiciliaria rexistrou a menor porcentaxe (0,51%).

GRÁFICO Nº 121. ASISTENCIA SOCIAL




Elaboración propia
Fonte: CIM

NAIS SOLTEIRAS

As consultas relacionadas coas nais solteiras foron na súa maioría de información xeral (95%), seguidas polas consultas relacionadas coas axudas económicas (3,33%) e un 1,67% sobre as residencias.

GRÁFICO Nº 122. NAIS SOLTEIRAS




Elaboración propia
Fonte: CIM

TERCEIRA IDADE

As consultas relacionadas á terceira idade foron de información xeral (50%) e axudas económicas (50%).

GRÁFICO Nº 123. TERCEIRA IDADE



Elaboración propia
Fonte: CIM


ASOCIACIÓNS

As informacións sobre asociacións centráronse única e exclusivamente nas asociacións de mulleres (só unha consulta).

SAÚDE

No que respecta a Saúde, a metade das consultas rexistradas no CIM foron consultas que non se especifican (50%). As consultas relacionadas coas toxicomanías, saúde mental, trastornos da conducta alimentaria e depresión e ansiedade supoñen o outro 50%, con proporcións idénticas.

GRÁFICO Nº 124. SAÚDE



Elaboración propia
Fonte: CIM

Os datos que reflicten o presente capítulo indican que dende o CIM estase a desenvolver unha labor especialmente relevante para as mulleres de cara a unha situación máis igualitaria. Neste sentido é obvio que está labor haberá de ser reforzada, e se cabe ampliada, sobre todo respecto ao tema da saúde, unha área donde de momento, e desde un punto de vista xeral apenas se desenvolveron accións específicas.

Conclusións

Tal e como xa sinalamos na análise pormenorizada referente ás distintas áreas, habemos de ter presente para a elaboración do plan de igualdade esencialmente os seguintes puntos:

En primeiro lugar, o colectivo feminino precisa de accións específicas para que poida alcanzarse, efectivamente, de modo global unha maior igualdade en relación co colectivo masculino.

En segundo lugar, partimos da base de que o nivel educativo e formativo das mulleres é especialmente alto no contexto do Concello de Santiago de Compostela, non obstante, a situación laboral e de paro que afecta moito máis ás mulleres, requiren accións encamiñadas cara a un moito maior equilibrio dende un punto de vista do xénero. Aquí é especialmente importante a propia situación das e dos empregados no propio Concello de Santiago. Indubidablemente, e non só por razóns de emprego institucional; aquí fan falta medidas correctivas dende unha visión de xénero.

En terceiro lugar, cabe sinalar que as accións emprendidas e levadas a cabo polo Centro Municipal de Atención á Muller hai que mantelas e pontencialas, se cabe, e posiblemente neste espazo poderían incorporarse accións referidas, por exemplo, á saúde das mulleres, unha cuestión a penas presente ata o momento nas accións de igualdade. Igualmente relevante é recordar aquí a importancia que teñen as accións para as mulleres no campo dos servizos de benestar, son as destinatarias maioritarias, un extremo tamén importante de cara ao novo Plan de Igualdade.